

Amigo Monterroso: "O Retorno" está moi ben. Son cinco folios a unha soia faciana (por certo que, anque o papel non é fino, moito desmerece a presentación a escritura polas dúas caras. Mira senón canto millor se ve a derradeira) e xa sería abondo prao presentar en calquera curso, mesmo no Pedrón de Ouro. Vexo que este conto, picando acó e aló no relato coma quen pasa o río brincando polas pedras, poderías facelo moito mais longo sen que perda a súa forza. As impresións da chegada ao aeroporto, por exemplo, vótanse de menos, sendo que o primeiro contacto físico, "ambiental" co país semella ser moi importante pró rapaz que volta aos seus eidos feito un home, con ánseas de ser de novo o de antes.

É ben certa a moita semellanza co Antón que volta a Furelos. Queda moi ben o aviso da nai, sempre presente, da desilusión.


Tocando os puntos que non tocas (cando pida terra; cando albisca a cidade; ect.) e recreándote mais na continuidade, tés ahí un libro ben comprido, do que xa tés feito o seu enteiro armazón.

Entendo, porén, que o que non se dí fica ás veces mais presente ca o que se dí. Tal é tamén o caso do desengano do meu Antón en Furelos. Emporiso, paréceme que ó "Retorno" víñalle ben falar do intre mesmo do seu contacto físico, no aeroporto, ~~coa~~ terra que vai buscar, co país das súas lembranzas.

Como conto está moi ben, e dígoche de novo que pra mín ficaría millor poñendo mais pedras no paso do río, de non facer xa unha ponte de continuidade.

De "Os Pandotes" que che mando, poderáslle ver algún mérito somentes se te pos nos días aqueles do "Urquiola", tendo nas mentes o que significou naqueles días, pois se o miras dende o día de hoxe, veralo como unha boa parvada. Aínda no outro xeito éa tamén, pro foi ben acollida pola súa latexante actualidade. As erratas son moitas, anque algunha sexa tamén erro do orixinal. Xa mo devolverás un día calquera. Con que non se perda, abonda.

Chau.



13-1-78